



Informe de actividades UNINOVA Ano2016

Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.

ÍNDICE:

1	INTRODUCCIÓN	3
2	SERVIZOS A EMPRENDEDORES	4
2.1	SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN	4
2.2	APOIO Á CONSTITUCIÓN- RED PAE	10
2.3	INCUBACIÓN	11
2.3.1	ESPAZOS EDIFICIO EMPRENDIA	11
2.3.2	INCUBACIÓN VIRTUAL	17
2.4	PROGRAMAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL	18
2.4.1	REDEMPRENDIA	18
2.4.2	ERASMUS FOR YOUNG ENTREPRENEURS	19
2.5	SPIN&UP	21

1 INTRODUCCIÓN

UNINOVA - Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais innovadoras, S.L., ten por obxecto social a potenciación e o desenvolvemento de iniciativas empresariais a partir da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico da Universidade de Santiago de Compostela co gallo de contribuír á consolidación na cidade de Compostela dun tecido produtivo e de servizos avanzados con claro matiz innovador.

Desde que comezou a súa andadura no ano 1999, Uninova dedícase á detección e ao asesoramento de emprendedores universitarios coa finalidade de promover a creación de empresas e, a partir do ano 2010, inclúe tamén entre as súas actividades, a xestión dos espazos do Edificio Emprendia, que ten como finalidade servir de base física para potenciar a transferencia de tecnoloxía e o desenvolvemento de iniciativas empresariais partindo da investigación universitaria.



No presente informe recóllense as actividades realizadas por Uninova ao longo do ano 2016.

2 SERVIZOS A EMPREENDEDORES

2.1 SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN

Durante o ano 2016, co obxectivo de promover e dinamizar o interese polo emprendemento dentro da comunidade Universitaria, organizáronse diferentes accións formativas e outras actividades enfocadas a identificar, captar e asesorar proxectos empresariais, como o Programa Argos ou o Programa Akademia You Project.

No que respecta ás peticións de información e asesoramento empresarial, ao longo do ano 2016 foron atendidos en Uninova un total de 21 novos proxectos. Ademais dos novos proxectos empresariais atendidos no período deste informe, tamén se traballou de xeito continuado con aqueles proxectos de períodos anteriores que na actualidade seguen requirindo asesoramento e acompañamento.

A continuación pásase a describir as accións formativas ás que facemos referencia no primeiro parágrafo deste documento:

PROGRAMA “ARGOS – CREANDO EQUIPOS EMPREENDEDORES”



Unha iniciativa de:
AVTE / UNINOVA
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Lugo

creando equipos emprendedores

argos 2016

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Inscripcións:
Ata o 21 de outubro de 2016
Consultar bases en www.uninova.org ou en www.usc.es/avte

Máis información:
Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento

UNINOVA
Edificio Emprendia, Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881 815 593 / 881 815 596 / 881 815 576
argos@usc.es
<http://goo.gl/wDWP>
[@ArgosUSC](https://www.facebook.com/ArgosUSC)

CONCELLO DE SANTIAGO, Concello de Lugo, Igape, GAIN, Galicia

DETRÁS DUN **GRAN PROXECTO**
HAI UN **GRAN EQUIPO**
ARGOS busca persoas dispostas a traballar en equipo, para acompañalos na construción do seu ARGO: un proxecto de negocio innovador, no que embarcarse na busca do seu futuro.

A AVTE, Uninova e as Facultades de Ciencias Económicas da USC, en colaboración co **Concello de Santiago**, co **Concello de Lugo**, co **Igape** e coa **GAIN** puxeron en marcha a no ano 2013 a primeira edición do “Programa ARGOS – Creando Equipos Emprendedores”, orientado á constitución e adestramento de equipos emprendedores.

Fronte á visión individualista do emprendemento, no que só ten cabida un único perfil de persoa (extrovertida, polifacética, multicompetencial, ...), propónse un novo modelo no que poidan participar persoas con distintos perfiles de aptitudes e competencias para conformar un equipo de traballo eficiente e innovador. Este programa engade ao obxectivo previamente exposto, a oportunidade de mobilizar e transferir coñecemento xerado nos departamentos e laboratorios da USC, poñéndoos ao servizo dun plan de negocio no que non necesariamente debe participar persoal do grupo que xerou tal coñecemento.

Baseándose nunha sistemática de “*aprender facendo*” e contando con recursos técnicos e o apoio de mentores especializados, os equipos desenvolveran a súa idea de negocio e serán asesorados no proceso de constitución e lanzamento das iniciativas.

Ao longo do ano 2016 desenvolveuse a cuarta edición deste Programa, dando comezo no mes de xullo. Argos 2016 estruturouse nas seguintes fases :

FASE I: SESIÓNS FORMATIVAS E ADESTRAMENTO PARA O TRABALLO EN EQUIPO.

Esta fase desenvolveuse ao longo da primeira quincena de novembro coas seguintes sesións formativas:

- “Traballo en equipo”
- Xornada de adestramento en exterior (outdoor training).

OUTDOOR TRAINING E TRABALLO EN EQUIPO

Data: 09/11/2015

Lugar: Estación de Bioloxía Mariña A Graña. Ferrol.

Horario: 9.00 a 18.00 horas.

Duración: 8 horas.

Docentes: Raquel Freire, Nuria Fernández. UN-EM Consultoría.

O enfoque desta acción formativa foi eminentemente práctico.





FASE II: O TEU ARGO. CONSTRUÍNDO O EQUIPO

Nunha xornada celebrada o 21 de novembro de 2016 nas aulas de xuntas e formación do Edificio Emprendia, os argonautas manifestaron as súas preferencias polas ideas e/ou resultados de investigación nos que lles gustaría traballar, que foron tidas en conta, na medida do posible, para a realización da proposta de asignación dos grupos de traballo. Cada grupo quedou formado por 4-5 persoas e un dos seus integrantes posúe coñecementos previos de xestión e administración de empresas.



Organizáronse os seguintes equipos de traballo:

- No campus de Santiago:
 - Proposta de valor
 - Prodigen: minería de procesos
 - Método produción Ectoína e Bioplásticos.
 - Nanovacuna para a meninxite
 - Diagnóstico de microorganismos
 - Impulso da tecnoloxía de co-digestión anaerobia
- No campus de Lugo:
 - Apicul
 - Recovery blood

FASE III: CONSTRÚE O TEU PROXECTO: APRENDER FACENDO

Os equipos baixo a titorización de persoal experto asignado polo programa ARGOS desenvolverán o seu plan de empresa que deberán entregar ao final desta etapa, en abril de 2017, cunha dedicación de aproximadamente 60 horas. Para iso contarán con:

- Titorización individualizada por equipo.
- Axuda de expertos da USC nos diferentes ámbitos de coñecemento.
- Sesións formativas para aprender facendo.
- Visitas a empresas do entorno local.
- Espazos de traballo colaborativo (co-working) para os equipos.

AVALIACIÓN FINAL E PREMIOS

Cada equipo presentará, ante un Xurado, o seu plan de empresa para a valoración e outorgamento de un dos premios do programa en función da categoría na que participan segundo a procedencia dos proxectos: Argos Spin e Argos Enxeño.

Cada un dos premios consistirá en:

- 3.000 euros (50% a repartir entre os membros do equipo premiado e 50% para a empresa xurdida do programa ARGOS sempre que sexa constituída nos seguintes 12 meses ao fallo do Xurado). O tempo para a comunicación á organización do programa da intención de constitución ou non da empresa será de 4 meses dende o fallo do xurado e farase por escrito.
- 6 meses de acceso gratuíto a espazos de incubación (a gozar dentro dos seguintes 12 meses ao fallo do Xurado).
- Asistencia gratuíta no proceso de constitución da empresa.

OUTRAS COLABORACIÓNS NO EIDO DO EMPRENDEMENTO:

❖ PROGRAMA “AKADEMIA YOU PROJECT”







Akademia YouProject
busca mentes inquietas

Inscripción aberta
Inscríbete antes del 06.11.16 en youakademiausc@gmail.com

Un curso basado en las tendencias del mejor think tank de Ciencia y Tecnología de España. **Detecta oportunidades y pon tu idea en marcha.**

Inscríbete antes del 06.11.16. Date prisa.
 Precio para el alumno 50 euros. Plazas limitadas.
 Envía tu cv y carta de motivación a: youakademiausc@gmail.com

Uninova e a AVTE colaboraron coa **Fundación da Innovación Bankinter**, na organización da edición 2015-2016 do Curso Innovación Akademia You Project na USC.

Esta actividade está dirixida a estudantes de último ano de carreira, máster e posgrao, aos que se lles ofrece unha formación moi valorada por empresas e institucións.

A través deste curso preténdese estimular unha actitude proactiva en innovación e espertar o espírito emprendedor, proporcionando unha visión global da innovación, facilitando o acceso a novas tecnoloxías como un medio natural próximo e fomentando a xestión e adaptación ao cambio.

Nesta edición de Akademia You Project foron seleccionados 25 alumnos da Universidade de Santiago para participar.

❖ PROGRAMA “SPINWAY”



Uninova coordinou xunto coa AVTE da USC e o Tecnolóxico de Monterrey (México), o programa de **RedEmprendia** “The Spin Way” (TSW), traballando no deseño das súas bases, na difusión deste Programa a universidades peninsulares

e iberoamericanas, na selección de candidatos, na implementación e seguimento das actividades e na comunicación dos resultados.

TSW combina a tradición milenaria do Camiño de Santiago co emprendemento universitario. Foron seleccionados 30 universitarios de Iberoamérica -que representaban o lema da XXV Cume Iberoamericana de Xefes de Estado e de Goberno: “Xuventude, Emprendemento e Educación- para que, nunha primeira fase, participasen nun taller formativo, no que se conformaron equipos de tres emprendedores, se distribuíron as temáticas a abordar ao longo da ruta e se ofreceu información orientada á elaboración dos modelos de negocio sobre as temáticas propostas; nunha segunda fase, estes mozos e mozas universitarios iberoamericanos recorreron a pé os últimos 100 km do Camiño de Santiago con 2 retos adicionais: desenvolver modelos de negocio para desafíos propostos pola organización e colaborar na elaboración dun manifesto: “Iberoamérica Emprende desde a Universidade”, iniciativa coordinada pola Fundación COTEC para a innovación.



O Programa dirixiuse a estudantes de universidades iberoamericanas de último ano de grao, cursando estudos de posgrao ou facendo o doutorado nados no ano 1990 ou posteriores, que ademais demostrasen experiencia emprendedora e experiencias de vida de liderazgo, superación, creatividade, innovación e compromiso social.

Esta actividade finalizou o día previo ao inicio de Spin 2016, macro evento do emprendemento universitario iberoamericano que tivo lugar en Santiago de Compostela a finais de setembro e principios de outubro de 2016, no que tamén tomaron partes estes emprendedores.

2.2 APOIO Á CONSTITUCIÓN- RED PAE

No ano 2010, iniciáronse desde Uninova os trámites necesarios ante o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa) para a concesión



dun Punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT). Como resultado destas xestións foi asinado o 21 de abril de 2010 un convenio de colaboración coa Administración Xeral do Estado que, ratifica a concesión do devandito PAIT a Uninova, quedando este servizo operativo no Edificio Emprendia desde o mes de maio de 2010.

A través do PAIT, na actualidade **denominado Red PAE**, <http://www.uninova.org/ga/pait.asp>, Uninova presta servizos de asesoramento integral e información aos emprendedores, realiza os trámites de constitución de empresas de forma telemática, baixo as formas xurídicas de: S.R.L., S.L.N.E e autónomos.

En marzo de 2016 constituíuse SEGE ANALYSIS GROUP baixo a forma xurídica de Sociedade Limitada.

Buscador de Puntos de Atención al Emprendedor (PAE)

Datos del PAE seleccionado: UNINOVA (UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Trámites generados

Tramitación por año	Sociedad Responsabilidad Limitada	Empresario individual	Total
	ALTA	ALTA	ALTA
2016	1	0	1
2015	4	0	4
2014	3	0	3
2013	0	4	4
2012	3	0	3
2011	3	1	4
2010	0	2	2

2.3 INCUBACIÓN

2.3.1 ESPAZOS EDIFICIO EMPRENDIA

A Universidade de Santiago de Compostela encomendoulle a Uninova a xestión do Edificio Emprendia en xaneiro de 2010 e, desde entón, a Sociedade se ocupa de tramitar e xestionar todas as solicitudes de espazo que a Universidade de Santiago recibe de empresas interesadas en ubicarse no Edificio Emprendia.



Todos aqueles proxectos empresariais interesados en emprazarse no Edificio Emprendia, que reúnan os requisitos establecidos pola Universidade para poder optar a un espazo no Edificio, teñen que, en primeiro lugar, formalizar a súa candidatura presentando por rexistro unha solicitude de espazo á Universidade. A partir dese momento, a AVTE (Área de Valorización, Transferencia e Empreremento da USC) en colaboración con Uninova, elabora un informe de viabilidade do proxecto, de acordo co plan de empresa presentado, e emite o seu ditame sobre a conveniencia ou non da súa entrada.

A continuación, a Comisión de Actividades e Servizos de I+D da USC será a responsable da aprobación de cada unha das solicitudes de entrada no Edificio Emprendia, de acordo sempre cos criterios establecidos pola Universidade.

Unha vez que a devandita Comisión aproba a solicitude de entrada no Edificio Emprendia dunha nova empresa, Uninova se encarga de formalizar a incorporación do novo usuario a través dun contrato de arrendamento.

No ano 2016 formalizouse un novo contrato de arrendamento no edificio Emprendia, se prorrogaron nove dos contratos existentes e se rescindiron dous. No caso do spin-off Lentimed, na actualidade denominado HG Beyond, formalizouse a súa instalación no Edificio mediante a formalización dun convenio coa USC.

Nas seguintes táboas figuran as relacións detalladas dos novos contratos, das prórrogas e das rescisións formalizadas este ano:

NOVOS CONTRATOS 2016	
Entidade	Data
FUNDACIÓN CETAQUA (Laboratorio)	01/01/2016

PRÓRROGAS de CONTRATOS 2016	
Entidade	Data
SOFTWARE 4 SCIENCE DEVELOPMENTS, S.L.	13/01/2016
CHEMANTEC (Técnicas Analíticas Galicia, S.L.)	10/02/2016
IMAGAMES GAMIFICATION SERVICES, S.L.	15/04/2016
BIOSTATECH, ADVICE, TRAINING & INNOVATION IN BIOSTATISTICS, S.L.	21/04/2016
LENTIMED MEDICAL DEVICES, S.L. (CONVENIO)	20/06/2016
SITUM TECHNOLOGIES, S.L.	01/07/2016
I-GRAPE LABORATORY, S.L.	01/09/2016
DETECTION AND RADIATION TECHNOLOGIES, S.L.	29/09/2016
UNIRISCO GALICIA, S.C.R., S.A.	01/11/2016
UNINVEST, S.G.E.I.C., S.A.	01/11/2016

RESCISIÓN de CONTRATOS 2016	
Entidade	Data
LENTIMED MEDICAL DEVICES, S.L.	17/06/2016
CELTALGA EXTRACT, S.L.	01/12/2016

Por outra banda, hai que subliñar que no Emprendia non temos unicamente usuarios externos con contrato de arrendamento xa que desde outubro de 2010 se atopan tamén varios profesores do Departamento de Farmacoloxía da USC.

Nas gráficas que se achegan a continuación apréciase o nivel de ocupación dos espazos en aluguer do Edificio Emprendia ao longo do ano 2016. Como se pode ver, o nivel de ocupación dos espazos da zona leste ao longo do ano foi dun 72% de promedio, sendo esa tamén a porcentaxe de ocupación a finais de ano. No que respecta aos módulos destinados a laboratorios, o nivel de ocupación no mesmo período foi dun 93% de media, sendo a ocupación de practicamente todo o ano dun 91%, con excepción do mes de decembro, no que foi do 84%.




Gráfico 1. Nivel de ocupación da zona leste durante o ano 2016. Fonte de datos e elaboración propia.




Gráfico 2. Nivel de ocupación de zona oeste durante o ano 2016. Fonte de datos e elaboración propia.

O edificio Emprendia dispón dunha sala de xuntas con capacidade para 30 persoas, dun aula de formación equipada cun proxector, un portátil e unha pantalla táctil, con capacidade para 30/60 persoas, e dunha sala de reunións para grupos reducidos. Todos estes espazos poden ser utilizados polos usuarios do Edificio sempre que exista dispoñibilidade nos mesmos e previa formalización da correspondente reserva. Uninova encárgase de que o mantemento das salas de uso común sexa o axeitado así como de coordinar o rexistro das reservas.

A continuación preséntase unha gráfica co volume de ocupación dos devanditos espazos durante o ano 2016.




Gráfico 3. Horas acumuladas de ocupación de espazos no primeiro semestre de 2016, por sala. Fonte de datos e elaboración propia.




Gráfico 4. Horas acumuladas de ocupación de espazos no segundo semestre de 2016, por sala. Fonte de datos e elaboración propia.

O edificio dispón así mesmo dunha zona destinada a área de descanso que está equipada con microondas, neveira e máquinas expendedoras de bebidas e sólidos, e que conta con mobiliario para ser usado como comedor. Uninova se ocupa de supervisar o estado do equipamento existente, así como de identificar e propoñer a resolución das posibles incidencias.

Desde o ano 2013, o Edificio Emprendia conta cun espazo de co-working destinado ao Programa Argos para seren utilizado polos argonautas participantes en cada edición do programa. Uninova xestionou o acondicionamento destes espazos segundo os requerimentos da USC e se ocupa da súa supervisión, seguindo en todo momento as indicacións da USC ao respecto.



Uninova encargouse no ano 2015 de coordinar o acondicionamento dos locais que a USC destinou ao Programa YUZZ-Santiago no Edificio Emprendia. Est, programa que dirixe o Centro Internacional Santander Emprendimiento (CISE) co mecenado de Banco Santander e a colaboración da Xunta de Galicia, e do que a Universidade de Santiago é colaborador. Así mesmo, se ocupou de xestionar a adquisición do equipamento necesario para o local destinado ao Programa Yuzz e da rotulación correspondente, de acordo ao establecido para o resto do edificio, encargándose na actualidade da súa supervisión, seguindo as indicacións dadas a este respecto pola Universidade.



Uninova coordina coa Área TIC da USC todas as actuacións relativas á rede de comunicacións do Edificio Emprendia, informando das novas necesidades de voz e datos dos usuarios con contrato de arrendamento, solicitando os oportunos orzamentos, tramitando as correspondentes follas de pedimento e facendo o seguimento dos traballos contratados.

Sempre que se produce a entrada dunha nova empresa, Uninova se asegura de que a oficina ou laboratorio poida activar as tomas de voz e datos necesarias para o correcto desenvolvemento da súa actividade. Todos os usuarios deben solicitar a autorización do Director da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC para calquera alta, baixa ou modificación nas redes de datos e telefonía da USC, sendo Uninova o interlocutor para estas peticións.

Coa entrada de novos usuarios ao Edificio, Uninova é a encargada de comunicar á oficina de Xestión de Infraestruturas as necesidades de tomas eléctricas, cando as existentes non funcionan ou non se adaptan ás necesidades do novo usuario.

Así mesmo, tamén se xestiona, dende Uninova, a realización dun servizo de limpeza xeral dos locais previa entrada de novos usuarios. Unha vez no edificio, será responsabilidade de cada empresa a contratación do seu propio servizo de limpeza, toda vez que a empresa contratada pola Universidade se encarga exclusivamente da limpeza das zonas comúns ou das utilizadas por persoal da USC.

Outra das funcións de Uninova, como entidade responsable da xestión de espazos do edificio Emprendia, é a coordinación co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da USC para a prevención dos riscos laborais relacionada cos usuarios externos á USC, levando a cabo todas as tarefas establecidas nos procedementos da USC sobre a coordinación de actividades empresariais cos usuarios externos .

Neste senso, Uninova é a responsable de informar a todos os usuarios externos dos resultados da avaliación de prevención de riscos laborais do Emprendia relativos ás zonas de uso común (REF.:SPA/83/1020914/2212-14), do plan de autoprotección do Edificio e da ficha de riscos do servizo de prevención da USC (CODIGO A-01 IPR-02ED.1). Así mesmo somos os responsables de solicitar formalmente ás empresas aquí aloxadas, en nome da USC, toda a documentación que esixe a lei en cuestión de Prevención de Riscos Laborais para que nola faciliten e lla poidamos facer chegar ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da USC (SPRL).

2.3.2 INCUBACIÓN VIRTUAL

Dende Uninova ofrecese aos emprendedores do ámbito universitario a posibilidade de contratar os servizos de incubación virtual, nos que se ofrece o mesmo tipo de asesoramento e seguimento que se lles presta aos emprendedores en incubación física coa única salvedade de que non se inclúe a oferta de espazo físico, aínda que sí a utilización dos espazos de uso común como as salas de reunións ou a aula de formación do Edificio Emprendia.

Os servizos de incubación virtual son os seguintes:

- Tramitación da constitución da empresa a través do servizo PAE.
- Asesoramento empresarial e seguimento do proxecto.
- Acceso á oferta formativa de Uninova:
 - o Accións formativas propias
 - o Xornadas de ámbito empresarial
 - o Información continua sobre outras accións de interese impartidas por distintas entidades
- Domiciliación social e fiscal da empresa.
- Servizo de información de axudas.
- Servizo de atención telefónica.
- Conta de correo electrónico co dominio uninova.org
- Inclusión dunha ficha da Empresa na web de Uninova.
- Participación en actividades vinculadas a proxectos de ámbito local, autonómico, nacional e internacional.
- Recepción da correspondencia e paquetería a portes pagados no horario de atención ao público.
- Acceso á rede de contactos de Uninova

Durante o ano 2016 Uninova contou, na modalidade de incubación virtual, cos seguintes proxectos:

- CELTALGA EXTRACT, S.L.
- DEROCERAS, S.L.
- HIDROVERMI, S.L.
- INDROPS Laboratorio de Análises e Calidade Medioambiental, S.L.
- TASTELAB, S.L.

2.4 PROGRAMAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL

2.4.1 REDEMPRENDIA



Desde Uninova colaborouse, no ano 2010, na elaboración e posta en marcha do programa de **RedEmprendia** “Novos Emprendedores: Aprendendo a Emprender” actualmente denominado **BoosterWE** así como, na redacción da documentación necesaria para o seu desenvolvemento. Esta iniciativa pretende promover o intercambio de experiencias, a aprendizaxe intercultural e a formación e xeración de contactos

de persoas emprendedoras que están pensando en transformar en empresa o seu proxecto empresarial. As estancias formativas desenvólvense en empresas xa consolidadas e vinculadas aos membros de RedEmprendia (dentro do ámbito iberoamericano).



Coordinadores del programa

Universidade de Santiago de Compostela

Unidad de Valorización y Transferencia / UNINOVA

Correo electrónico: monica.suarez@usc.es

Telf. +34 881 815 593

Universidade de São Paulo

Agência USP de Inovação

Correo electrónico: polo.rp@usp.br, dir-inovacao@usp.br

Telf. +55 16 3602 4591

En 2016, ao igual que en anos anteriores, RedEmprendia lle encargou a coordinación deste Programa a Uninova xunto coa Universidade de São Paulo. Esta coordinación implica a xestión da totalidade das solicitudes de participación recibidas, a coordinación da totalidade das bolsas que se concederán, a revisión e avaliación de todas as solicitudes presentadas e redacción das actas das reunións mantidas para o outorgamento das bolsas así como a comunicación ás distintas universidades. No mes

de decembro de 2016 renovouse, por un ano máis, o contrato inicial para que Uninova coordine unha nova edición do programa en colaboración coa Universidade de São Paulo.

O papel de coordinación de todas as estadias implica, ademais do rexistro de todos os movementos e consultas dos beneficiarios do Programa, ofrecer apoio e comunicación ás distintas universidades participantes, elaboración de informes, presentación de resultados nas reunións do comité técnico e rexistro dos pagamentos.

Ao longo da última edición de BoosterWE recibíronse 300 solicitudes de emprendedores de 28 universidades de 9 países diferentes, concedéndose máis de 100 bolsas, 6 delas para alumnos da USC.



2.4.2 ERASMUS FOR YOUNG ENTREPRENEURS

Erasmus for Young Entrepreneurs


O programa europeo de intercambio de emprendedores e empresas Erasmus para Novos Emprendedores) é unha iniciativa da Unión Europea na que UNINOVA participou co proxecto Europa Emrende en catro edicións consecutivas (ciclos 2 ao 5 do devandito Programa), entre 2010 e 2015, ofrecendo apoio e asesoramento a aqueles emprendedores que amosaban interese en participar no mesmo.

Con este programa se ofreceu apoio a novos emprendedores para adquirir as cualidades relevantes para xestionar unha PEME a través de estadias en empresas doutros países da Unión Europea, permitindo que emprendedores cun plan de empresa elaborado ou cunha pequena ou mediana empresa de menos de tres anos de existencia puidesen realizar unha estadia formativa de entre 1 e 6 meses cun empresario experimentado doutro país europeo. Deste xeito a UE pretende contribuír a mellorar e promover a transferencia transfronteiriza de coñecemento e experiencia entre emprendedores.

No período 2010 e 2015, UNINOVA xestinou 62 intercambios entre emprendedores: 52 novos emprendedores españois (33 emprendedoras e 19 emprendedores) viaxaron a outros países europeos, e 10 emprendedores estranxeiros (6 emprendedoras e 4 emprendedores) foron acollidos en PEMEs españolas.




Na gráfica que se achega a continuación, aparecen os países de destino preferidos polos emprendedores para os seus intercambios, destacando sobre os demais o Reino Unido e Alemaña seguidos de preto de Portugal e Italia.



Gustaríanos salientar que, de acordo cos datos recollidos pola propia Comisión Europea (publicados en outubro de 2014), o papel de Uninova durante a execución do último proxecto deste Programa (Europa Emprende IV) o sitúa entre as mellores organizacións intermediarias participantes, concretamente a número 8.



TOP of Relationships by Intermediary Organization



EYE BCA - RL 12 - by Intermediary Organization - Cycle 5.rep

Execution date : 13/10/2014

No ano 2016 a Comisión Europea lanzou, por primeira vez, unha convocatoria do Programa Erasmus for Young Entrepreneurs específica para seleccionar organismos intermedios con experiencia xestionando este programa (Call: COS-EYE-FPA-2016-4-01) e Uninova se presentou resultando ser unha das entidades seleccionadas. En consecuencia, no mes de novembro presentamos á convocatoria Erasmus For Young Entrepreneurs SGA 2016 unha proposta, cun consorcio integrado por 10 entidades, co proxecto Young Entrepreneurs in Motion (YEIM), que foi aprobada pola Comisión Europea en febreiro de 2017. O período para o desenvolvemento deste proxecto abrangue de febreiro de 2017 a xaneiro de 2019.

O consorcio do proxecto YEIM está integrado polas seguintes entidades:

- SOCIEDADE PARA A PROMOCION DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, S.L. (UNINOVA) (**líder do consorcio**). España.
- WESTFAELISCHE WILHELMS-UNIVERSITAET MUENSTER. Alemaña.
- ASSOCIACAO SPINPARK - CENTRO DE INCUBACAO DE BASE TECNOLÓGICA. Portugal.

- PROJECT AHEAD SC. Italia.
- CHAMBRE DE COMMERCE ET D'INDUSTRIE DE REGION PARIS-ILE-DE-FRANCE. Francia.
- LOGOS SOCIETA COOPERATIVA A RESPONSABILITA LIMITATA. Italia.
- INFORMO - UDRUGA ZA POTICANJE ZAPOSJAVANJA, STRUCNOG USAVRSAVANJA I OBRAZOVANJA. Croacia.
- BOHEMIA EU PLANNERS. República Checa.
- VAMOS SCOTLAND LTD. Reino Unido.
- CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA Y SERVICIOS DE BADAJOZ. España.

O proxecto conta cun presuposto, para todo o consorcio, de 1.732.596 euros, sendo a contribución da UE de 1.494.560 euros. No caso de Uninova, o presuposto total é 282.001 euros e a contribución da UE de 233.639 euros.

2.5 SPIN&UP



XORNADA DE PRESENTACIÓN

10:00 h. Apertura:

D. Mariño Mariño Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela.

D. Juan Vieito Rey
Presidente de Uninova.

D. Jesús Chasal Mayo
Presidente Asociación Área Empresarial do Tambre.

D. Augusto Fervellin
Director-Xeral de TecMínho.

D. Antonio Manuel Rodríguez Marques
Presidente de AIMinho.

10:30 h. Presentación do proxecto:

D. José Manuel Coto Vázquez
Conseleiro Delegado de Uninova.

• 11:00 h. Sesión 1. Innovación aberta.
Mónica Juárez Gómez
Técnica Uninova.

• 11:30 h. Sesión 2. Propiedade Industrial.
D. Fernando Rafael Pardo Seo
Técnico AMTE (USC).

Proxecto Spin&Up

Santiago de Compostela 7 de xuño de 2016

Logos: UNINOVA, TecMínho, AIMinho

XORNADA DE PRESENTACIÓN

09:30 Recepción/Acreditación das persoas asistentes.

10:00 h. Apertura:

D. Mariño Mariño Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela.

D. Juan Vieito Rey
Presidente de Uninova.

D. Jesús Chasal Mayo
Presidente Asociación Área Empresarial do Tambre.

D. Augusto Fervellin
Director-Xeral de TecMínho.

D. Antonio Manuel Rodríguez Marques
Presidente de AIMinho.

10:30 h. Presentación do proxecto:

D. José Manuel Coto Vázquez
Conseleiro Delegado de Uninova.

11:00 h. Sesión 1. Innovación aberta.
DR Mónica Juárez Gómez
Técnica Uninova.

11:30 h. Sesión 2. Propiedade Industrial.
D. Fernando Rafael Pardo Seo
Técnico AMTE (USC).

12:00 h. Pausa-café

12:30 h. Mesa Redonda: Vantaxes e inconvenientes da relación Universidade-Empresa
POBINCIA. Experiencia do Grupo FINSA na súa colaboración coa Universidade

D. José Carballe García
Secretario Xeral do Grupo FINSA

DEBATE

D. José Carballe García
Secretario Xeral do Grupo FINSA

DR Mabel Lasa García
Catedrática de Universidade. Coordinadora do Grupo de Investigación Biofarmacia da USC.

D. José Luis Fernández Garmire
Director Xeral de Estratexia da Corporación TELEFÓNICA

DR María Amparo López Aguiar
Profesora Titular da USC, Grupo de Aplicacións Enxerxéticas Sostibles

Moderalizadora **D. Xerardo Rufino**, Arquitecto

13:30 h. Clausura

DR. Marta Loli González
Conseleira Responsable de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo.

Proxecto Spin&Up

Santiago de Compostela 7 de xuño de 2016

Logos: UNINOVA, TecMínho, AIMinho

En xaneiro de 2016 se presentou o proxecto Spin&Up á convocatoria Interreg V A España Portugal (POCTEP) e contou cos seguintes socios:

1. Concello de Santiago de Compostela (Líder) - ESPAÑA
2. Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. (UNINOVA)- ESPAÑA
3. Asociación Área Empresarial do Tambre - ESPAÑA
4. Associação Universidade -Empresa para o Desenvolvemento – TecMinho- PORTUGAL
5. Associação Industrial do Minho- PORTUGAL

Con este proxecto preténdese:

- Estimular e favorecer a transferencia bidireccional empresa- universidade de coñecementos e tecnoloxías dentro do Espazo de cooperación, mediante o encontro entre as necesidades do tecido produtivo e a oferta dos axentes xeradores do coñecemento.
- Crear unha comunidade transfronteiriza Galicia Portugal de “núcleos locais de transferencia” (NLT), baseados na colaboración universidades- incubadoras- asociacións empresariais- concellos.
- Implementar e validar o modelo NLT para a súa difusión e transferencia a outros territorios.
- Fomentar a creación de PEMES de base tecnolóxica, dende o modelo de negocio de innovación aberta, que respondan ás necesidades tecnolóxicas de áreas produtivas estratéxicas do entorno local.

Uninova traballou na redacción da candidatura á convocatoria de Poctep, na busca de socios, en reunións con socios así como na presentación do proxecto ante distintos organismos públicos. Valorouse tamén a presentación deste mesma proposta á convocatoria Espazo Atlántico pero ao final decidiuse non facelo.

A parte española do consorcio entendeu que o desenvolvemento do proxecto tiña que ser independente da solicitude e decidiu arrancar o proxecto con recursos propios á espera da resolución da convocatoria, establecendo unha folla de ruta ata setembro de 2016. Esta folla de ruta implicaba a planificación de actuacións encamiñadas á reindustrialización do Concello de Santiago e a lograr un maior achegamento Universidade-Empresa. Ao longo do ano 2016, celebráronse reunións cos socios, coa consultora encargada deste proxecto (Devalar) e coa coordinación de *Conference of Atlantic Arc Cities*. O consorcio do proxecto organizou o 7 de xuño de 2017 un acto público de presentación de Spin&Up na cidade, para expor as actividades a desenvolver dentro do proxecto así como a posta en funcionamento da web, e Uninova colaborou

na organización e difusión desta xornada, e tamén participou activamente na mesma, cun relatorio a cargo de José Manuel Cotos presentando Spin&Up e outro sobre Open Innovation impartido por Mónica Suárez.

A espera de confirmación oficial da denegación do mesmo, a data de 24 de marzo de 2017, oficiosamente, o proxecto Spin&Up non vai ser financiado nesta convocatoria.